



INSTRUCCIÓN SOBRE ELABORACIÓN INFORMÁTICA E
TRAMITACIÓN DAS ACTAS DE EXAME DAS FACULTADES DE
FÍSICA E MATEMÁTICAS NO PRIMEIRO CUATRIMESTRE DO
CURSO ACADÉMICO 1998-99

A nova aplicación informática de xestión académica que están elaborando os Servizos Informáticos da USC ten como un dos seus módulos o referido ó procedemento de elaboración, tramitación e arquivo das actas de exame.

Para a súa posta en marcha a nivel xeral na Universidade, faise preciso comprobar a súa operatividade e dese xeito, poder corrixir aquelas eivas que, de se-lo caso, se observen no seu funcionamento con usuarios reais.

Para este fin, na convocatoria ordinaria do 1º cuatrimestre do curso 98-99, as materias correspondentes ás titulacións de licenciado en Matemáticas e licenciado en Física, terán as súas actas consonte o novo sistema informático para a súa cumprimentación e tramitación, que se realizará de acordo coa seguinte INSTRUCCIÓN:

1. O profesor responsable de cada materia, según consta no P.O.D. do departamento, poderá acceder a través dun código persoal á acta ou actas da materia ou materias que imparta, cumprimentando a mesma a través do programa informático implementado a tal fin.
2. Cando a acta estea cumprimentada, e pechada, procederase á súa impresión, por duplicado, e no papel oficial establecido pola Secretaría Xeral da USC, na Secretaría da Facultade.
3. Unha vez imprimidos, os dous exemplares de cada acta serán remitidos ó profesor responsable para que, trala comprobación polo mesmo do seu contido, proceda ó seu asinamento e nova entrega na Secretaría do centro.
4. O Secretario do centro procederá a asinar a dilixencia establecida ó pé da firma do profesor ou profesores, e remitirá un exemplar da acta á UXA, sendo o outro custodiado na propia Secretaría do centro, ós exclusivos efectos de seguridade.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5. No caso de que, por causas non previstas, as actas correspondentes á convocatoria ordinaria do primeiro cuatrimestre das facultades de Matemáticas e Física non se puidesen cumprimentar e tramitar polo sistema previsto nesta Instrucción, habilitarase pola Secretaría Xeral da USC un novo prazo para á súa cumprimentación polo sistema de aplicación xeral os restantes centros da USC.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 1999

O SECRETARIO XERAL



Gumersindo Guinarte Cabada

Sra. Xefe do Servicio de Alumnado
Campus Sur
Santiago de Compostela